



GUÍAS DE TURISMO

GALICIA DESTINO SEGURO
#SENTIDIÑO *Protexámonos a nós mesmos e aos que nos rodean*

ANTES DE IR AO TRABALLO



PERSOAS ESPECIALMENTE SENSIBLES

Coñecer que persoas traballadoras son especialmente sensibles á covid-19 e adoptar as medidas específicas para minimizar o risco de contaxio. Consulte co servizo de prevención ou co seu médico.



FEBRE OU CONTACTO CON PERSOAS INFECTADAS


Non ir traballar con febre (>37° C) ou síntomas da covid-19 ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.



DESPRAZAMENTO AO TRABALLO


Faranse mellor de forma individual. Escoller as opcións de mobilidade que garantan a máxima distancia posible. En caso de compartir vehículo deberanse ter en conta as obrigas do uso de máscara.

DISTANCIA DE SEGURIDADE



NO SERVIZO

Evitar o saúdo con contacto físico e establecer un número máximo de persoas ás que ofrecer o servizo de maneira segura. O persoal e a clientela deberán utilizar máscara cando non se poida respectar a distancia de seguridade de 2 metros. Nos servizos con proximidade pode complementarse con outras medidas de barreira.



ACTIVIDADES E CAPACIDADE MÁXIMA

Planificar as tarefas/actividades garantindo a distancia de seguridade e respectando a capacidade permitida. Coordinarse cos provedores do servizo turístico para evitar aglomeracións. As paradas explicativas realizaranse só en espazos abertos e/ou amplos.

HIXIENE E LIMPEZA



LAVADO DE MANS

Facilitar o lavado frecuente das mans ou o uso de solucións desinfectantes. Lavalas sempre antes de poñer e logo de quitar as máscaras e as luvas.



OLLOS, NARIZ E BOCA

Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión, tamén cando se usen luvas e máscara.



VÍAS RESPIRATORIAS

Cubrir as vías respiratorias cun pano desbotable ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo nun contedor con tapa, pedal e bolsa desbotable.



PRODUTOS

Contar con solucións desinfectantes en sitios accesibles para uso da clientela nos servizos prestados en locais e medios de transporte, e instar á clientela a desinfectar as mans antes de entrar.



LIMPEZA E DESINFECCIÓN

Desinfectar frecuentemente os obxectos de uso persoal cos produtos indicados polo fabricante. Levar roupa de traballo limpa, lavala unha temperatura >60° C e, de non ser posible, desinfectala empregando aditivos de lavado adecuados. Establecer pautas de limpeza e desinfección diaria dos vehículos de transporte propios utilizados no servizo con procedementos/productos recomendados polas autoridades sanitarias.



PRESTACIÓN DO SERVIZO

Evitar facilitar mapas ou folletos de uso común optando polo uso de tecnoloxía ou outros sistemas. Empregar auriculares/whispers/radioguías debidamente desinfectados ou dun só uso. Pódense considerar alternativas tales como aplicacións que funcionen co móbil do turista.



EVITAR COMPARTIR

Evitar compartir equipos de traballo ou outros dispositivos. Utilizar unha funda desbotable para cada uso do micrófono.



MÁSCARAS E LUVAS

Proporcionar medios de protección persoal cando así o indique o servizo de prevención de riscos laborais ou a autoridade sanitaria. Refugalos ou desinfectalos despois do uso de xeito correcto. No caso de empregar luvas, débense poñer á vista dos clientes.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS



SOSPEITA DA COVID-19

Ter previsto como actuar no caso dunha persoa con sospeita. Contactar sempre co centro de saúde ou chamar ao teléfono 900 400 116.



INFORMACIÓN

Informar os clientes das medidas preventivas e hixiénicas que deben respectar, incluídas as específicas que deban adoptar durante o percorrido. Incidir na importancia de cumprir horarios e evitar improvisacións.



MEDIOS ELECTRÓNICOS

Fomentar o uso de medios telemáticos para xestionar as reservas, a recepción de albarás e a emisión de facturas. Utilizar o pago con tarxeta ou móbil sempre que sexa posible.

